

Acta Comisión Permanente 27 de abril de 2018

Asistentes

Equipo decanal

Laura Movilla Pateiro

Lydia Noriega Rodríguez

Alexandre Pazos Pérez

Francisco Torres Pérez

PDI A

Carmen Domínguez Rovira

Carmen Ruiz Hidalgo

Julio Costas Comesaña

Representantes do alumnado

Tomás Farto Piay

Iníciase a reunión as 12:06 h., na sala A-209, en segunda convocatoria coa seguinte orde do día:

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do 27 de setembro de 2017.

2º.- Informes da Sra. Decana.

3º.- Ratificación, se procede, da PDA do PCEO ADE-DEREITO para o curso 2018/2019.

4º.- Aprobación, se procede, de data de exame complementaria para a materia de Dereito Financeiro e Tributario I do Grao en Dereito.

5º.- Aprobación, se procede, sobre as solicitudes presentadas polas áreas correspondentes ao cambio de adscrición das seguintes materias de 4º curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:

- Dereito Procesual Laboral.

- Emprego público.

- Igualdade e mercado do traballo.

6º.- Rolda de intervencións.

1º.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión do 27 de setembro de 2017.

Apróbase por unanimidade.

2º.- Informes da Sra. Decana.

Infórmase da recepción o pasado día 26 de abril no Decanato do Informe da Asesoría Xurídica relativo á solicitude de convenio co IESIDE para o cambio de adscripción do Master de Dereito de Empresa. Dase lectura ao informe que deriva a supervisión de certas cuestións a posteriores informes da Oficina de Transferencia e Investigación da Universidade de Vigo e de Control Interno. Puntualízase que no Decanato non se ten recibido o texto do Convenio.

3º.- Ratificación, se procede, da PDA do PCEO ADE-DEREITO para o curso 2018/2019.

Apróbase por unanimidade.

4º.- Aprobación, se procede, de data de exame complementaria para a materia de Dereito Financeiro e Tributario I do Grao en Dereito.

Apróbase por unanimidade como data alternativa o día 28 de maio.

5º.- Aprobación, se procede, sobre as solicitudes presentadas polas áreas correspondentes ao cambio de adscripción das seguintes materias de 4º curso do Grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos:

- Dereito Procesual Laboral.
- Emprego público.
- Igualdade e mercado do traballo.

Explícase que, unha vez aprobada a PDA, detectáronse erros en tres materias compartidas por varias áreas. Desde o Decanato procedeuse a contactar coa coordinación de tales áreas para dar solución á dito problema. No caso das dúas primeiras materias citadas (Dereito Procesual Laboral e a materia Emprego público) houbo acordo.

No caso da materia Igualdade e mercado de traballo non se ten recibido un acordo expreso si ben faise referencia a un correo enviado pola profesora Ana Garriga (coordinadora de Filosofía do Dereito). Á vista de tal correo o profesor Julio Costas (Director do Departamento de Dereito Privado –ao cal pertence tal área-), prega que conste en acta que “A vista da información recibida da Profesora Ana Garriga, considera que a coordinadora está conforme coa asignación desa materia ao área de Dereito laboral”

Apróbase coa abstención da Profesora Carmen Ruiz Hidalgo.

6º.- Rolda de intervencións.

A Profesora Carmen Ruiz Hidalgo, solicita que conste en acta que desde a coordinación do Mestrado en Dereito de Empresa se ten solicitado a convocatoria de Xunta de Facultade na que se inclúa como punto da orde do día a votación do Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o IESIDE. Asimesmo afirma que o POD de tal título para o curso 18/19

está pendente de aprobación. Por tal motivo prega que na vindeira Xunta de Facultade se inclúa como punto o citado.

En relación co Mestrado en Avogacía, a Profesora Carmen Ruiz Hidalgo considera que o acordo adoptado en Xunta de Facultade consonte o cal no citado título podan impartir clase profesorado asociado (ou, en xeral, sen relación contractual estable coa Universidade de Vigo), vulnera o previsto no artigo 13 do RD 775/2014. Por tal motivo solicita que se inclúa esta cuestión novamente nunha Xunta de Facultade co obxectivo de anular o citado acordo. O Profesor Julio Costas manifesta, tal e como lle teñen indicado profesores da súa área, a precariedade nas condicións e incentivos de impartición de clases no citado mestrado.

Remata a reunión, sendo as 12.43, do que como secretario accidental dou fe.

Francisco Torres Pérez